

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL OROSO

Listaxe definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección mediante concurso dunha praza de conserxe como persoal laboral fixo incluídas na OEP do Concello de Oroso extraordinaria do 2022 (Estabilización)

### ANUNCIO

EXPEDIENTE: 2022/E001/000010

Con data de 18.11.2024 o Sr. Alcalde procedeu a ditar a resolución nº 1658/2024 co seguinte contido:

“LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 639/2022 do 12/05 procedeuse a aprobar a oferta de emprego público extraordinaria do 2022 de estabilización de emprego e que esta foi obxecto de publicación no BOP nº 96 de 23 de maio de 2022 na que entre outras se recollía a seguinte praza:

### PERSOAL LABORAL:

V	Conserxe	1	Estudos primarios	Concurso	Estabilización	07.00.04
---	----------	---	-------------------	----------	----------------	----------

LOGO DE VER que medinte resolución de Alcaldía nº 1782/2022 do 22/12 se procederon a aprobar a convocatoria e as bases de selección de 1 PRAZA DE CONSERXE (Código RPT: 07.00.04) como persoal laboral fixo, incluída no proceso extraordinario de estabilización do emprego temporal do Concello de Oroso conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público e recollida na Oferta de Emprego Público extraordinaria do 2022

LOGO DE VER que tanto a convocatoria como as bases de selección foron obxecto de publicación no taboleiro de anuncios do Concello, e no Boletín Oficial da Provincia nº 245 do 28 de decembro de 2022 e igualmente foi obxecto de publicación anuncio da convocatoria no DOG nº 57 do 22/03/2023 e no BOE nº 242 do 10/10/2023

LOGO DE VER que transcorrido o prazo para a presentación de instancias, ditouse resolución desta Alcaldía nº 1492/2024 do 23/10 de aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos no citado proceso de selección, nomeamento de tribunal e sinalamento do día e hora de realización da primeira sesión, concedendo un prazo de dez días naturais para a presentación de alegacións ou subsanacións de deficiencias polos aspirantes.

LOGO DE VER que a citada resolución foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 209 do 29/10/2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Oroso.

TRANSCORRIDO o prazo de 10 días naturais outorgado para a subsanación de deficiencias e logo de ver a documentación presentada no citado prazo. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

**Primeiro:** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección dunha praza de conserxe (Código RPT: 07.00.04) dentro do proceso de estabilización conforme á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes de redución da temporalidade no emprego público:

### Admitidos:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
	Pazos Gómez	Manuel	***5292**	SI
	Segade Roca	Fernando	***1213**	SI
	Mosquera Mallo	Olaya	***0716**	SI

### Excluídos:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	MOTIVO EXCLUSIÓN
	Barreiro Miranda	María del Carmen	***6127**	SI	1

Motivos da exclusión.

1.-Ter presentado a solicitude de participación fora de prazo.

**Segundo:** Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

O que se publica para xeral coñecemento.

En Oroso, 19 de novembro de 2024

O alcalde.

Alexander Doval Expósito.

2024/8255